

TEMA 6: PREGUNTAS A ENERXÍA EXTERNA DO PLANETA

1.- Enumera as capas do sol, indica que posición ocupan e as características máis importantes de cada unha.

2.- Que son as manchas solares, porque se producen e en que capa.

3.- Di se as seguintes frases sobre o aproveitamento da enerxía solar son verdadeiras ou falsas. No caso de que sexan falsas, escríbeas correctamente.

- A radiación solar anual que reciben os trópicos é maior que a recibida nos polos.
- Nas zonas de latitudes máis elevadas a radiación solar é practicamente a mesma todo o ano.
- A conversión fotovoltaica pode utilizarse para proporcionar auga quente de forma directa.
- A diferenza do que ocorre na conversión fotovoltaica, mediante o aproveitamento térmico da enerxía solar podemos xerar electricidade.

4.- Dentro das radiacións procedentes do Sol pódense distinguir tres tipos básicos:

Indica o nome dos tres tipos.

Indica o % de enerxía que representa cada radiación

Características propias de cada radiación

5.- ¿En que consiste o efecto invernadoiro natural? ¿Cales son os gases responsables de ese efecto?.

¿Que son os CFC? ¿Que provocan?

6.- Indica os gases que compoñen a atmosfera terrestre, co seu porcentaxe (com 4 é suficiente)

7.- A Atmosfera divídese en 5 capas.

a) Indica os nomes das 5 capas da atmosfera

b) Indica hasta que altura chega cada capa

c) Indica se a temperatura aumenta ou diminúe en cada capa a medida que ascendemos

d) Explica coas tuas palabras as características de cada capa

a) Nome	b) Altura	c) Temperatura ó ascender	d) Características

8.- A atmosfera ten 2 funcións primordiais, indica cada unha destas funcións, en que consisten e explica como realizan esta función.

9- Indica a función principal que realiza a hidrosfera en relación a enerxía solar que chega á Terra. Cita qué mecanismos utiliza para levar a cabo esta función e en que consiste cada un.

10.- Indica as formas que coñeces de Aproveitamento da Enerxía solar, indicando en que consiste cada un.

11.- ¿Que é o cambio climático? A que se debe. Que consecuencias pode traer...

12.- Busca información sobre desenvolvemento sostible e define o concepto.